

Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO

Este proxecto fotográfico artístico é unha homenaxe as persoas que sufriron a represión do franquismo polas loitas obreiras en Ferrol e comarca, do ano 1972, que aínda están vivas e son merecentes dun recoñecemento público no ano do 50 aniversario dos asasinatos de Amador e Daniel.

É o momento de cumprir a obriga, que temos os que hoxe desfrutamos da liberdade, cos que por ela loitaron. A democracia ten unha débeda histórica con estas persoas loitadoras, elas foron as protagonistas que axudaron a rematar coa ditadura.

Estes 30 retratos son só unha pequena parte da xente represaliada no 1972, son os que puidemos localizar e retratar. Ten un carácter simbólico que engloba os que naquel intre sufriron a represión.

Esta exposición é continuidade de "Rostros da Memoria" que mostrei no ano 2007 con retratos de persoas represaliadas polo franquismo, e recorreu os museos das cidades galegas.

Agradezo a Rafael Pillado, que me animou a aportar a miña visión artística a esta conmemoración do 50 aniversario, e A. C. Fuco Buxán, A. C. Memoria Histórica Democrática e Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol polo apoio para levar adiante este proxecto.

Aquí están os rostros da dignidade para que nunca esquezamos.

Monumento conmemorativo dos mortos do 10 de marzo de 1972. Escultor Xoan Braxe



AGRADECIMENTOS


Rafael Pillado / María Loureiro / Ánxela Loureiro / Javier Dongil (Ateneo de Ferrol) / Santiago Díaz / Suso Díaz / A.C. Fuco Buxán / A. C. Memoria Histórica Democrática / Lourenzo Fernández Prieto / Luís Alcalá / Xerardo Uz

CRÉDITOS DA EXPOSICIÓN

Comisario e fotografías: Xurxo Lobato / Deseño gráfico: Alejandro Velázquez / Soporte gráfico: Jega gráfica / Producción: A Forxa



CONCELLOS DE: ARES | CABANAS | CEDEIRA | FENE | FERROL | MUGARDOS | NARÓN | NEDA | VALDOVIÑO



ALFONSO COUCE TESTA

Traballador de
Bazán. 100.000
pts multa,
Dirección
General de
Seguridad
(D.G.S.),
2 meses na
cadea

10 DE MARZO (1972-2022) 50 ANOS DE MEMORIA E DIGNIDADE

O 10 de Marzo de 2022 –Día da Clase Obreira Galega– conmemoramos o 50 aniversario daqueles sucesos, orixinados na cidade natal do ditador, que cunha repercusión internacional, significaron o enfrontamento máis importante da clase obreira “organizada” contra a ditadura, marcando un fito na Memoria e na Historia da sociedade galega e española.


Non foi só unha loita por un convenio colectivo –que tamén– senón pola dignidade como cidadáns de plenos dereitos, pola liberdade, por un sistema democrático, contra a opresión dunha ditadura iniciada antes de que moitos dos protagonistas dese momento nacesen. Cos sacrificios e o apoio de moitos outros sectores da sociedade: estudantes, intelectuais, movementos de base, feminismo e mesmo, tímidamente, un sector da dereita que, ante o esgotamento da ditadura, pactou unha saída democrática conservando importantes resortes de poder.

O 10 de Marzo en Ferrol, a brutal represión, o asasinato dos traballadores Amador Rei e Daniel Niebla e o Xuízo dos 23. As mobilizacións das traballadoras e traballadores de Vigo en setembro. A detención da dirección estatal das CC.OO co conseguinte Proceso 1001, foron importantes elos desa cadea que constituíu a longa marcha polas liberdades fronte a quen pretendía frear a historia.

Nesta conmemoración, pretendemos ir máis aló da nostalgia. Nos complicados momentos actuais, tratamos, desde o debate e a confrontación de ideas, lembrar á sociedade o que é a “conciencia de clase” –especialmente á mocidade, semente de futuro– os valores que inspiraron aqueles sucesos, porque só unidxs derrotaremos o intento de arrebatarnos as conquistas sociais. Partidos políticos, sindicatos e asociacións progresistas, o mundo da cultura, as clases traballadoras entendidas no sentido máis amplo temos que consolidar o estado de benestar e humanizar o progreso. Temos que traballar por recuperar a esperanza compartida.

ASOCIACIÓN CULTURAL FUCO BUXÁN

ASOCIACIÓN CULTURAL MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRÁTICA



ALFONSO TELLADO SANDE

Traballador de
Bazán. 50.000
pts multa.
Dirección
General de
Seguridad
(D.G.S.)
na cadea

Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO

Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO



DIVINA GARCÍA FERREÑO


5.000 pts multa. Represaliada. Viuva de Ángel Porto Feal



ANTONIO MESEJO CERDIDO

Delineante de Bazán. Detido

Rostros da memoria



CONCELLOS DE: ARES | CABANAS | CEDEIRA | FENE | FERROL | MUGARDOS | NARÓN | NEDA | VALDOVIÑO


Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO



ANXO FERREIRO CURRAS

Sacerdote. 200.000 pts multa. Confinado nun convento.
Tribunal de Orden Público (T.O.P.). Cárcere



ANTÓN MARTÍNEZ ANEIROS

Sacerdote. Detido e confinado 2 meses.
250.000 pts multa, Dirección General de Seguridad
(D.G.S.)

Rostros da memoria


Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO



ENCARNA PUENTES GARCÍA

Viuva de José María Riobo. Represaliada



EVARISTO VIDAL BARROS

Traballador de Bazán. Detido

Rostros da memoria

Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO



FERMÍN GOIRIZ DÍAZ

Mecánico. 50.000 pts multa




JOAQUÍN RODRÍGUEZ CASTRO

Traballador de Bazán. Torturado

Rostros da memoria



MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol



CONCELLOS DE: ARES | CABANAS | CEDEIRA | FENE | FERROL | MUGARDOS | NARÓN | NEDA | VALDOVIÑO



FINA VARELA FONTÁN

100.000 pts multa, Tribunal de Orden Público (T.O.P.), cárcere. Proceso dos "23"



IGNACIO FERNÁNDEZ TOJO

Traballador de Bazán. 200.000 pts multa, Tribunal de Orden Público (T.O.P.). Proceso dos "23"

OUTROS REPRESALIADOS

- Álvarez Areces, Vicente
- Amor Deus, Manuel
- Aneiros Fernández, Julio
- Aneiros Rodríguez, Jesús
- Ares Fraga, Manuel Luís
- Báñez Vázquez, Rafael
- Bastida Sixto, Bernardo
- Blanco Aneiros, Fernando
- Bouzón Carro, Manuel
- Bustabad, Francisco
- Cabado Martínez, José María
- Caneiro Pena, José
- Caneiro Rodríguez, José Manuel
- Carballedo López, Juan Antonio
- Carballeira, Eugenio
- Carballo Agras, Juan
- Caride Pintos, José
- Castro, Elisardo
- Cochón Touriño, Luis
- Diaz Cabanela, Maria Victoria
- Doce Gómez, Carlos
- Doménech, Francisco
- Dopico Bouzamayor, Felipe
- Dopico Gallego, Secundino
- Dopico Vázquez, Leonardo
- Fernández Escorcía, Luis
- Fernández Filgueiras, Francisco
- Fernández López, Juan Angel
- Fernández Mourente, Manuel
- Fernández Pérez, Eusebio
- Fernández Pérez, José María "Molinuco"
- Fernández Pita, Manuel Agustín
- Fernández, Josefina
- Filgueira Fernández, Juan
- Freire Piñeiro, José María
- Galán Martínez, Manuel
- García Barros, Abelardo
- Gómez Vázquez, Manuel
- González Alvariño, Teodoro
- González Seoane, Jaime
- González Vidal, Francisco
- Guerreiro Carreira, Ángel
- Hermida, Manuel
- Iglesias Martínez, José Manuel
- Llano Cotrofe, Celestino
- Lodeiro Ramos, Eduardo
- López Bonome, Pedro
- López Couceiro, Ángel
- López Díaz, Benigno
- López Lorenzo, Manuel
- López Ramos, Argemiro
- Lorenzo González, José
- Loureiro Lugrís, José
- Manteca Ramos, Isidoro
- Marcos Filgueira, Juan
- Martínez Redondo, Eduardo
- Medín Pereira, José
- Melón Rodríguez, Marisa
- Menéndez González, Ricardo
- Miguelez Ramos, Rosa
- Miramontes Vázquez, Fernando
- Miramontes Vázquez, José
- Monge González, Manuel
- Morate Rey, Miguel
- Pérez de la Fuente Riba, Julio
- Pillado Martínez, Manuel
- Piñeiro Montero, Eduardo
- Pita, José
- Porto Feal, Ángel
- Rabina Vilasánchez, José
- Rañal, Francisco
- Rey Novo, Miguel
- Rico García, Manuel
- Riobó Millán, José María
- Rodríguez Pérez, Manuel (Avogado)
- Roibal, José
- Romero Ramos, Antonio
- Sedes López, Luis
- Serantes, J.
- Soto Niebla, José Manuel
- Tojeiro Díaz, Vicente
- Valcárcel Luaces, Manuela
- Varela Fraga, Manuel
- Varela Martínez, Regino
- Vázquez Gangoso, José María
- Veiga Martínez, Alfonso
- Vivanco, Juan (hostelería)

Mortos

- Niebla García, Daniel
- Rey Rodríguez, Amador

Feridos e contusionados

- Aneiros Fernández, Julio
- Arrojo Pérez-Fajardo, Santiago
- Basanta García, Juan
- Castro Couce, Víctor
- Cobo Rascado, Ángel
- Dasantes García, Juan
- del Río Vázquez, Ángel
- Díaz Ramos, José Carlos
- Díaz Vidal, José Antonio
- Dobarro, Gabriel
- Feal Lago, Eduardo
- Fernández Martínez, Antonio
- Freire Carballo, Claudino
- Gundín
- Lamas Tojeiro, José Antonio
- Liz Pérez, Jaime
- López Castro, Juan
- López Pita, Cipriano
- Montero, Julio
- Muñiz Pérez, Arturo
- Pereira Calvo, Paulino
- Pérez Fraga, Antonio
- Pérez González, José Manuel
- Piñeiro Méndez, José
- Piñeiro, Eduardo
- Piñón Rodríguez, Marcelino
- Pita, José
- Quintela Tenreiro, Alfonso
- Rey Otero, José
- Rodríguez Rivas, Manuel Ángel
- Rodríguez, Eladio
- Seoane Vázquez, Manuel
- Serantes Castaño, José
- Suárez Pita, José
- Teijeiro Lage, Abelardo
- Teloy, Eladio
- Torralba Fernández, Evaristo
- Vigo, Ramón

Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO

Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO



IRENE PIÑEIRO LÓPEZ


Traballadora do comercio. Detida



FINA PIÑÓN SEOANE

Represaliada. Viuva de Fernando Miramontes. Militante do M.D.M.

Rostros da memoria



CONCELLOS DE: ARES | CABANAS | CEDEIRA | FENE | FERROL | MUGARDOS | NARÓN | NEDA | VALDOVIÑO


Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO



JOSÉ LOUREIRO FERNÁNDEZ

Traballador de Bazán. 50.000 pts multa, Dirección General de Seguridad (D.G.S.), 2 meses na cadea




JOSÉ TORREGROSA RODRÍGUEZ

Xornalista *La Voz de Galicia*. 100.000 pts multa, Tribunal de Orden Público (T.O.P.), 9 meses na cadea. Proceso dos "23"

Rostros da memoria



MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol



CONCELLOS DE: ARES | CABANAS | CEDEIRA | FENE | FERROL | MUGARDOS | NARÓN | NEDA | VALDOVIÑO


Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO



JOSÉ JULIO MIRAZ FERNÁNDEZ "PEPE JULIO"

Traballador de Bazán. Consello de Guerra. Exiliado en Francia



JOSÉ VILLAR VERGARA "PEPOLO"

Traballador de Bazán. 50.000 pts multa, 6 meses na cadea

Rostros da memoria


Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO



MANUEL DÍAZ MONTERO

Traballador de Bazán. 25.000 pts multa, Dirección General de Seguridad (D.G.S.), 1 mes na cadea



FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ

Profesor. 150.000 pts multa, Dirección General de Seguridad (D.G.S.), 2 meses na cadea


Rostros da memoria



MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol




CONCELLOS DE: ARES | CABANAS | CEDEIRA | FENE | FERROL | MUGARDOS | NARÓN | NEDA | VALDOVIÑO



RAFAEL PILLADO LISTA

Traballador de Bazán. 250.000 pts multa, Tribunal de Orden Público (T.O.P.), 4 anos na cadea. Proceso dos "23"



RAMIRO ROMERO LÓPEZ

Traballador de Bazán. Consello de Guerra. Exiliado en Francia

AS CARAS DE MEMORIA DE MARZO DO 72. FERROL 50 ANOS DESPOIS

Que se vai dicir dentro doutros 50 anos deste acontecemento e destas persoas? E dentro de 150?

A conmemoración é necesaria, crear memoria xusta e verdadeira tamén. Pero a memoria pode ter moitas caras e moitos donos. Os rostros de Xurxo Lobato son memoria viva construída para o futuro e a visión dos historiadores e historiadoras foi parte esencial destes actos de conmemoración da loita operaria e cidadá contra a Ditadura, da memoria do antifranquismo e de como actuou o franquismo.

Os acontecementos do 10 de Marzo de 1972 son Ferrol. Non Santiago, nin Coruña, nin Vigo, nin Madrid. Son Galicia en canto Ferrol e ao revés e son a loita polos dereitos, as liberdades e contra a Ditadura dende aquí para España e para o mundo. Aqueles operarios, as súas familias e a maioría da cidade fixeron historia contra a súa vontade. Algúns nin en Ferrol estaban, perseguíronos e prendéronos a quilómetros de distancia por seren ferroláns e antifranquistas. Eles non querían mortos, eles non mataron. Querían salarios xustos, querían negociar e tamén querían a liberdade. Vese nas caras de hoxe e nas biografías de todos e todas.

Facer a historia neste caso supón atender á memoria das vítimas e non deixarse manipular pola memoria dos verdugos, dos que mandaban na Ditadura. Para entender pasados incómodos coma este haberá que retratar historicamente tamén aos responsables daquela matanza e daquelas persecucións. Pero eses non se merecen unha foto de Xurxo. Tampouco está o forno aínda para bolos -polo que se ve-, pero seguramente as historiadoras de dentro de 50 anos, farán unha exposición coas fotos dos responsables daquilo, tiradas da documentación que fiquen nos arquivos, se ninguén os manipula deica entón. Mesmo pode que moito antes poidamos ver esa exposición. É unha opción que a democracia se merece. Unha idea de historiadores do pasado incómodo.

Os rostros que quixo retratar Xurxo teñen un sentido semellante á visión do historiador. Mesmo é licenciado en Historia e formou parte da primeira promoción de Historia contemporánea. Lembran o pasado pero recoñecen e respectan o paso do tempo. Son os mesmos cincuenta anos despois. Sen trucos. A visión do pasado do historiador ten que enlazar co contexto, atendelo enteiro, debe traballar coas diferentes memorias e coa documentación para descubrir con perspectiva o que aquel presente non permitiu albiscar. O paso do tempo queda marcado nas fontes que serven para facer historia, igual que os sulcos e as enrugadas nos rostros da memoria.

LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO
Catedrático de Historia Contemporánea.
Universidade de Santiago de Compostela

Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO

Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO



RAMIRO TENREIRO PENA

Albanel. Torturado. 50.000 pts multa, Tribunal de Orden Público (T.O.P.), cárcere



RAÚL PILLADO LISTA

Traballador do comercio. Detido 50.000 pts multa, cárcere

Rostros da memoria

Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO



RICARDO ANEIROS SIXTO

Traballador de Astano. 500.000 pts multa, Tribunal de Orden Público (T.O.P.), 3 meses na cadea




SARI ALABAU ALBORS

Profesora. 3 meses na cadea, Tribunal de Orden Público (T.O.P.). Proceso dos "23"

Rostros da memoria



MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol



CONCELLOS DE: ARES | CABANAS | CEDEIRA | FENE | FERROL | MUGARDOS | NARÓN | NEDA | VALDOVIÑO

Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO



SUSO DÍAZ DÍAZ

Traballador de Astano. 150.000 pts multa, 2 meses na cadea




XAN MARÍA CASTRO PAZ

Torturado. 150.000 pts multa, Dirección General de Seguridad (D.G.S.), cárcere

Rostros da memoria



CONCELLOS DE: ARES | CABANAS | CEDEIRA | FENE | FERROL | MUGARDOS | NARÓN | NEDA | VALDOVIÑO



LEONARDO DOPICO VÁZQUEZ

Traballador de
Astano. Detido
e represaliado



MANUELA LÓPEZ GARCÍA

Militante P. C. G.
Represaliada

A MEMORIA NOS ROSTROS

Trinta interesantes retratos que Xurxo Lobato nos achega cargados de expresividade. Un conxunto de imaxes unidas polo fio condutor dos tons e texturas que nos transportan á longa noite de pedra da ditadura onde estes rostros foron protagonistas. Trinta miradas sereas de hoxe que foron testemuñas de dramáticos acontecementos do pasado. Trinta bocas pechadas, na instantánea, e tantas veces abertas no pasado para alzar a súa voz inconformista coa inxustiza. Trinta rostros amosando as liñas das súas facianas modeladas polo pasado de loita antifranquista.

Son homes e mulleres que sufriron a cruel represión producida nos "Sucesos do dez de marzo".

Un conflito que comezou como un problema laboral do estaleiro ferrolán pero que tomou grandes dimensións ata se converter nunha loita social cidadá contra un réxime ditatorial.

A memoria destes rostros poderíanos contar que a principios de marzo de 1972, os obreiros de Bazán de Ferrol negociaban o seu convenio colectivo e realizaban cada día paros de media hora como medida de presión para lograr as súas reivindicacións. O día 9, a primeiras horas da mañá, seis enlaces vocais quedaron despedidos e na factoría introducíanse varias escuadras da Policía Armada e nos arredores outras tantas. A pesar da medida disuasoria das forzas policiais, a totalidade dos traballadores pónense en folga ata a readmisión dos compañeiros. No exterior vanse concentrando as mulleres e familiares dos obreiros solicitando información e demandando unha solución pacífica. Pola tarde prodúcese unha violenta carga policial contra os traballadores no interior da factoría que provoca varios feridos e posteriormente contra os grupos que se concentraban en diferentes lugares da cidade, incluso hai disparos ao ar.

O día 10 de mañá cedo os obreiros atopan as portas da Bazán pechadas e deciden encamiñarse en dirección a Astano buscando a súa solidariedade. Ao chegar á estrada das Pias as forzas policiais dispararon contra o grupo de manifestantes producindo a morte de Amador Rey e Daniel Niebla e decenas de feridos de bala, algúns de gravidade como Julio Aneiros. Ante esta terrible masacre, a sociedade ferrolá mobilízase valentemente; atendéronse aos feridos en centros sanitarios e casas particulares; organizáronse protestas por toda a cidade denunciando os asasinatos; pecháronse todos os establecementos; e organizouse unha manifestación de mulleres pola tarde. As balas e o sangue xa non amedrentan á poboación, pola contra a enorme carraxe esperta a conciencia colectiva.

As autoridades franquistas, non amosaron mágoa ningunha polas vítimas, nin tiveron unha soa palabra de consolo para as familias, nin exteriorizaron xamais tristura polos acontecementos. A culpabilidade dos asasinatos non recaeu nos que premeron o gatillo nin nos que deron as ordes. Dende o primeiro momento inculparon á clase obreira e aos seus dirixentes, polo que puxeron en marcha unha maquinaria represiva atroz. Ese mesmo día chegaron reforzos policiais procedentes de Valladolid, León e A Coruña que tomaron a cidade e a Brigada Político Social de Madrid encargouse dos centos de detencións, interrogatorios e das torturas.

A prisión de A Coruña encheuse con decenas e decenas de persoas ás que se lles impoñían multas ou as procesaban polo Tribunal de Orde Pública (TOP). Un grupo de cinco homes foron encarcerados na prisión militar de Ferrol, onde sufriron torturas e, outros catro lograron fuxir a Francia onde viviron como exiliados. Houbo dous procesos importantes: O Consello de Guerra 51/72 pola xurisdición militar e o Xuízo dos 23 do TOP.

Dende o día 10 de marzo do 72 ata a saída do cárcere dos últimos presos en 1976 houbo en Ferrol numerosas accións reivindicativas nas que se implicaron diversos sectores. Un colectivo de mulleres, no que destacaban as esposas dalgúns dirixentes sindicais, sostivo unha actividade reivindicativa constante, entrevistándose con todas as autoridades civís, eclesiásticas e militares, recollendo sinaturas, encerrándose en igrexas, enviando notas á prensa e logrando que a sociedade mantivese prendida a chama da loita pola amnistía.

A maioría destas persoas, hoxe fotografadas por Xurxo Lobato, xa estiveron diante da cámara da comisaría hai cincuenta anos. Os seus rostros, hoxe homenaxeados, foron agravados nas fichas policiais durante anos.

Esta exposición de Rostros da Memoria amosa as facianas da loita pola democracia para que nunca se esqueza a crueldade e horror da ditadura.

ÁN XELA LOUREIRO FERNÁNDEZ
Mestra e escritora

Rostros da memoria Ferrol 1972

XURXO LOBATO